


D I C T A M E

Dictame
2/04

sobre o anteproxecto de
**LEI REGULADORA DOS
ÓRGANOS DE
DEFENSA DA COMPETENCIA
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
DE GALICIA**



A P R O B A D O P O L O P L E N O O 2 3 D E F E B R E I R O



XACOBEO 2004
Galicia



Edita: Consello Económico e Social de Galicia

Este dictame pode consultarse tamén no sitio web do Consello:

www.ces-galicia.org

1.- ANTECEDENTES

1.- En data 28 de xaneiro tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia de solicitude de dictame sobre o anteproxecto de Lei reguladora dos órganos de defensa da competencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº1: *Economía, emprego e sectores productivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de Dictame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de dictame.

3.- Con data 28 de xaneiro, o seu presidente convoca á Comisión sectorial nº1 para o 05 febreiro de 2004, co fin de inicia-los traballos de reflexión sobre a proposta de dictame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 3/04, acorda aprobar por unanimidade a proposta de Dictame, con data 5 de febreiro, e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca ó Pleno do Consello, que na súa sesión 2/04, de 23 de febreiro, e tras coñecer-lo texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DICTAME

sobre o anteproxecto de Lei reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu algunhas “competencias exclusivas” na materia de defensa da competencia. En particular, correspóndelle o exercicio, dentro do seu territorio, de tódalas actuacións executivas de carácter administrativo respecto das conductas previstas nos artigos 1, 6 e 7 da Lei de Defensa da Competencia, así como o exercicio das competencias relativas ás autorizacións singulares ás que se refire o artigo 4 da citada lei.

O Anteproxecto de Lei sometido a dictame estrutúrase de tres Títulos, dúas Disposicións adicionais, unha Disposición Transitoria e dúas Disposicións Derradeiras.

No Título I régúlase o Tribunal Galego de Defensa da Competencia. O Capítulo I deste título regula a natureza e funcións do Tribunal, o Capítulo II a súa organización. As funcións do presidente están definidas no Capítulo III e o funcionamento do Tribunal no Capítulo IV. Finalmente o Capítulo V deste título está dedicado ó réxime económico e de persoal.

O Título II refírese ó Servicio Galego de Defensa da Competencia, a súa natureza e funcións, así como ó Rexistro Galego de Defensa da Competencia, incluído na estrutura do Servicio.

O Título III inclúe as disposicións xerais, que afectan a ambos órganos. O texto péchase con dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria e dúas disposicións derradeiras.

3.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- No artigo 3. Funcións, enuméranse as funcións do Tribunal “*cando a Comunidade Autónoma de Galicia estatutariamente dispoña de competencias de execución, de acordo cos puntos de conexión establecidos na Lei de Coordinación...*”, distinguindo entre funcións de resolución de procedementos sancionadores, funcións de resolución de procedementos en materia de autoriza-

ción de acordos, decisións, recomendacións e prácticas ás que se refire o art. 1 da Lei de Defensa da Competencia, así como funcións consultivas e de emisión de informes.

O CES considera que o anteproxecto se expresa con certa ambigüidade con respecto á fundamentación competencial para a regulación do Tribunal e do Servicio de Defensa da Competencia. Por un lado, na Exposición de Motivos (parágrafo 3) dise que a Comunidade Autónoma de Galicia, ó amparo do art. 30.1 do seu Estatuto de Autonomía, “*asumiu algunhas competencias executivas en materia de defensa da competencia*”. Por outro lado, o apoio estatutario para establecer a regulamentación que se propón se encontra de forma explícita en dito art. 30.1,4 (de redacción idéntica ó art. 12 do Estatuto Catalán no que se apoia o paralelo proxecto de Lei da Generalitat), polo que se considera que debería suprimirse, do Preámbulo, a ambigüidade da expresión “*algunhas*” e modificar a frase condicional transcrita do art. 3, redactando o parágrafo 1 de este art. 3 da seguinte maneira (incluíndo neste primeiro parágrafo a declaración que aparece ó final do artigo):

Artigo 3.- Funcións.

O Tribunal exercerá as súas funcións de acordo co establecido na Lei de coordinación das competencias do Estado e as Comunidades autónomas en materia de Defensa da Competencia. Sen prexuízo de asumir todas aquelas competencias que, de acordo coa lexislación aplicable, poda asumir no seu ámbito territorial en materia de defensa da competencia, lle corresponde: (...)

Neste senso, debe destacarse a amplitude da regulación en canto ás funcións comparando con outros proxectos de lei, como a “Proposición de Lei de creación da Autoridade Catalana de Defensa da Competencia”, que é moito menos exhaustiva neste apartado.

O CES considera que a dita exhaustividade non debe supoñer ampliación de funcións con respecto ás establecidas legalmente. Neste senso debe sinalarse que a Lei 1/2002, de Coordinación das Competencias do Estado e as Comunidades Autónomas, sinala na disposición adicional primeira que as referencias ó TDC e ó SDC da Lei 16/1989, de 17 de xullo, de Defensa da Competencia, débense entender efectuadas ós órganos das Comunidades Autónomas con competencias na materia, cando as potestades administrativas e os procedementos neles regulados se exerzan ou tramiten en relación con condutas que sexan competencia das Comunidades Autónomas. Concretamente a Lei 1/2002 se refire ás mencións

incluídas nos artigos 4, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 29, 31, 32, 33, 34, 36, 36 bis, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 51bis, 53 e 56.

Por outra banda, a técnica enumerativa das funcións, que se utiliza no artigo, ten o problema das omisións, como é a non alusión, nos apartados 1 e 2, á intervención do Tribunal no tema de Axudas Públicas. O CES considera preferible unha remisión en bloque ás funcións atribuídas ó Tribunal de Defensa da Competencia pola Lei estatal de Defensa da Competencia (como fai o texto do anteproxecto da Generalitat no art. 7), reservando a enumeración particularizada para as funcións consultivas e de emisión de informes que se realiza no punto 3 de dito artigo. O CES entende que mesmo nesta letra i) pode entrar en contradicción coa letra j), pois sobre os proxectos normativos de concesión de axudas se podería emitir informe de oficio, sen necesidade de solicitude do órgano de xestión. Na letra j) debería ampliarse a posibilidade de emisión de informes a instancia do Parlamento de Galicia.

2.- No artigo 11 establécese a natureza do Servicio Galego de Defensa da Competencia.

O CES considera que debería destacarse a natureza do Servicio como organismo auxiliar do Tribunal de Defensa da Competencia. Xa se di no art. 12 que, entre as súas funcións figura a de “*auxiliar ó Tribunal na execución das súas competencias consultivas, de estudio e emisión de informes*”, pero o auxilio do Servicio debe referirse ó exercicio por parte do Tribunal de tódalas funcións que lle corresponden. Por eso debería completarse o parágrafo 1 do art. 11, dicindo:

Artigo 11.- Natureza.

1. Créase o Servicio Galego de Defensa da Competencia, dentro da estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, como organismo auxiliar do Tribunal de Defensa da Competencia.

3.- No apartado e) do artigo 12, concédese ó Servicio Galego de Defensa da Competencia a función de “*promover e acorda-la terminación convencional dos procedementos tramitados como consecuencia de conductas prohibidas pola Lei de Defensa da Competencia*”, limitándose a actuación do Tribunal, nestes casos, a emitir un informe non vinculante.

O CES entende que desta maneira concédense ó Servicio unhas facultades decisorias que non lle corresponden e que pertencen ó Tribunal, desvirtuando as estrictas funciones de instrucción, vixilancia, estudio e investigación, información e asesoramento que, con mellor técnica lexislativa, asigna ó Servicio o artigo 31 da Lei de Defensa da Competencia. En consecuencia, o CES considera que este apartado e) do artigo 12 do Anteproxecto debería desaparecer.

4.- Artigo 14.- Normas de procedemento. Este artigo soamente refírese ó Tribunal Galego de Defensa da Competencia, sen citar o Servicio Galego de Defensa de la Competencia.

O CES considera que debería estenderse a aplicación das normas de procedemento establecidas na lexislación estatal sobre defensa da competencia (e, con carácter supletorio, as normas sobre procedemento administrativo común) non só ó procedemento ante o Tribunal (arts. 39 e sgtes Lei Estatal) senon tamén ó procedemento ante o Servicio (arts. 36 e sgtes Lei Estatal).

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2004

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun